



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Información á cidadanía: preguntas máis frecuentes sobre a restricións vixentes en Galicia tras a declaración da Emerxencia Sanitaria**

O Consello da Xunta aprobou o pasado 13 de marzo o Acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A cidadanía pode obter máis información a través da páxina web da Xunta e, máis especificamente, na web <https://coronavirus.sergas.gal/> e no teléfono específico 900 400 116.

Ademais, a través do teléfono 012, o servizo de atención e información á cidadanía, tamén se están recollendo dúbidas da poboación respecto ás restricións vixentes pola epidemia do coronavirus COVID-19.

Para facilitar o acceso á información, pode consultarse a continuación algunhas das preguntas máis frecuentes recollidas no 012 xunto coas súas respostas.

#### **Poden abrir as perruquerías?**

As perruquerías en Galicia non poden abrir, agás para a atención en domicilio e por causas xustificadas

#### **Poden despachar comida os restaurantes?**

Os locais de comida poderán entregar comida para levar, seguindo as recomendacións sanitarias (distancia de seguridade, tempo indispensable...). Segue permitida a entrega a domicilio

#### **Permítese o funcionamento dos talleres de reparación?**

Si poden abrir en Galicia, sempre que se dediquen exclusivamente á reparación. Isto é, se combinan venda e reparación, só poderán dedicarse á reparación

#### **Teño que ir renovar a miña demanda de emprego?**

Non, os demandantes de emprego non terán que renovar a súa demanda ata o próximo 30 de abril. Ademais, quedan suspendidas todas as citas presenciais de orientación laboral

#### **Preciso algún tipo de documento para xustificar que vou ao traballo?**

Non, non se precisa de ningunha documentación adicional ao circular. Ir ao traballo é unha das actividades permitidas, pero os axentes da autoridade poderán realizar as comprobacións que consideren necesarias

#### **Poden ir os agricultores ou gandeiros ao traballo?**

Si, o Real Decreto non establece limitacións á actividade primaria e permite o acceso ao posto de traballo. Recordamos que os axentes da autoridade poderán realizar as comprobacións que estimen oportunas



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Podo saír a facer deporte ou camiñar por prescrición médica?**

Non, non se pode saír salvo os casos expresamente permitidos. Recoméndase tentar manter certa actividade física no domicilio

### **Seguen recolléndose avisos e retirando niños de vespa velutina?**

Si, continúaase realizando o servizo de retirada e continúanse recollendo avisos. É un servizo de importancia, especialmente nesta época do ano e os traballadores contan con equipos individuais de protección

### **Hai un procedemento administrativo co prazo aberto, teño que presentalo igual?**

Non, os prazos administrativos están interrompidos agora mesmo. O cómputo reiniciarase no momento en que se levanten as suspensións. En calquera caso, a sede electrónica segue operativa

### **E se xa presentei a miña documentación?**

Se xa presentaches a túa documentación a un procedemento administrativo, este continuará a súa tramitación normalmente

**Que pasa coa resolución das axudas?** As axudas cuxo procedemento xa está pechado seguirán a súa tramitación e notificaranse segundo o previsto.

### **Podo consultar o estado do meu expediente xa presentado?**

Si, os interesados poden seguir consultando o estado de tramitación dos seus expedientes na súa carpeta cidadá a través da sede electrónica

### **Afecta a suspensión dos prazos ás emendas e ás notificacións?**

Si, tamén se interrompen os prazos de emendas e reanudaranse cando se levanten as suspensións. As notificacións reanudarán os seus prazos nese momento

### **Podo seguir presentando queixas e suxestións á Administración autonómica?**

Si, continúa operativo o teléfono 012 e a sede electrónica

### **As altas e baixas de reses dentro da Oficina agraria virtual teñen que ser tamén dentro de prazo?**

Poderán realizarse a través da Oficina Agraria Virtual ou a través do 012. Só no suposto de que non sexa posible empregar algunha destas dúas vías, poderase presentar posteriormente